

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIGO

Subvencións e axudas

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A VIVENDAS BALEIRAS PARA ALUGUEIRO A PREZO TAXADO NO CONCELLO DE VIGO PARA 2025 por un importe total de 150.000€.

BDNS(Identif.):

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/>).

Primeiro. Beneficiarios:

As persoas físicas que teñan a condición de propietarias ou usufrutuarías dunha vivenda, que promovan e executen ou teñan executado nos exercicios 2024 e 2025 as actuacións para poñer a súa vivenda en réxime de alugueiro a prezo taxado durante 5 anos e cumpran os requisitos previstos nas bases reguladoras para acadar tal condición.

Segundo. Obxecto:

Cubrir parte dos gastos para equipar a vivenda, realizar obras, ou redactar o Certificado de eficiencia enerxética obrigatorio, e/ou para contratar seguro de risco ou multirrisco mentres dure o contrato de alugueiro.

Terceiro. Bases reguladoras:

As bases reguladoras están publicadas no BOP de Pontevedra nº 11, de 17 de xaneiro de 2025 e na páxina web e portal de transparencia do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/avisos>).

Cuarto. Contía:

A contía máxima das axudas determinarase atendendo ao tipo de subvención solicitada: Ata un máximo do 50% do importe real e efectivo da obra, equipamento e honorarios, ata un máximo de 8.000 euros por todos estes conceptos descritos, cun máximo da axuda de honorarios de 500 euros. Ata un máximo de 100 euros pola redacción da CEE, incluído o IVE e como máximo ata o 100% do importe real. Ata un máximo de 300 euros ao ano en concepto de seguro de multirrisco e como máximo ata o 100% do importe real.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:

Desde o día seguinte á publicación do presente extracto no BOP de Pontevedra por conduto da BDNS e rematará o 01.10.2025.

Sexto. Concesión de subvencións:

A concesión de subvencións será por concorrencia non competitiva, logo da comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nas bases e sempre que se dispoña de crédito orzamentario suficiente. A selección de beneficiarios será por rigorosa orde de presentación da solicitude e de toda a documentación completa á que se refire a Base 7ª mediante os impresos normalizados.

Vigo na data da sinatura dixital
A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez, Vicepresidenta